

Ponteareas, xuño de 2018

As 19,00 horas do martes 05 de xuño de 2018 reúnese o xurado do concurso de poesía “III Xogos Florais de Ponteareas” formado polos seguintes membros:

Hortensia Bautista Fernández, concelleira de Cultura e Lecer, Normalización Lingüística e Turismo do Concello de Ponteareas en quen delegou o Alcalde.

- Roi Vidal Ponte
- Marta Dacosta Alonso
- Diego García Represas
- Manrique Fernández Vázquez

E como secretaria,

Sofía Rodríguez Suárez traballadora da Biblioteca Municipal.

En total presentáronse un total de trinta e un en categoría infantil, catro en modalidade xuvenil e nove na categoría de adultos.

Tras a lectura dos poemas presentados, os membros do xurado intercambian impresións e coinciden en valorar o bo nivel medio dos participantes .

Deciden excluír os seguintes participantes polos motivos que se relacionan.

- Na categoría infantil, o poema presentado baixo o pseudónimo “Unicornio” por incumprir a base 2 e estar escrito a man.
- Na categoría xuvenil o poema presentado baixo o pseudónimo “ Alysa” por incumprir a base 3 , posto que, presenta dous poemas.
- Na categoría de adultos a obra presentada baixo o pseudónimo de “Meiriña” por incumprir a base 3, xa que, o poema supera os corenta versos.

Despois das deliberacións oportunas, o xurado concede por unanimidade os seguintes premios:

Categoría infantil:

- “Os meus gatiños” presentado baixo o pseudónimo de CANELA. Unha vez aberto o sobre corresponde a M^a Cayetena Herrero Iglesias.

- “Carta de amor” presentado baixo o pseudónimo de A PEQUENA ROSA NEGRA. Unha vez aberto o sobre corresponde a Valeria Estévez López .
- “Pontareas” presentado baixo o pseudónimo de CURIOSOMARABILLOSO. Unha vez aberto o sobre corresponde a Anxo Fernández Cambra.

Categoría Xuvenil:

- “Desgaste” presentado baixo o pseudónimo de MOONCHILD. O poema corresponde a Giovanna Carvalho Carneiro.
- “Princesas” presentado baixo o pseudónimo de TOKIO 011. O poema corresponde a Sara Seijo Vila.
- “Aquela mente” presentado baixo o pseudónimo de AIKO KOKORO. O poema corresponde a Gala González García.

Categoría Adulto:

- “Un home común” presentado baixo o pseudónimo de GALA PEREIRO. O poema corresponde a Fátima Domínguez Silva.
- “Queima” presentado baixo o pseudónimo de CÉFIRO. O poema corresponde a Pilar Alonso Suárez.
- “Vida estelar” presentado baixo o pseudónimo de HUMIA. O poema corresponde a Carla Leándrez Dosantos.

O xurado afirma que nas bases da próxima edición debe constar que os traballos gañadores se publicaran nunha edición conxunta cos gañadores desta III edición dos Xogos Florais.

E sendo, as 20,30 dáse por concluída a reunión.

Asinado: Sofía Rodríguez Suárez

Hortensia Bautista Fernández

Roi Vidal Ponte